

A VIOLENCIA ECONÓMICA EXERCIDA SOBRE AS MULLERES QUE VIVEN NO RURAL

Reflexións sobre o papel que a violencia económica desempeña no auxe das bandas criminais na sociedade haitiana actual.

Texto de debate para o obradoiro sobre o impacto da violencia exercida sobre as mulleres na sociedade celebrado co gallo do 25 de novembro de 2020

Obradoiro de debate organizado pola Association des Femmes en Action de la Grand'Anse e Organizasyon fanm ak Gason Devwe Mòn Aktif

RAYMOND Marie Mesnelle

Traducido do crioulo haitiano por María Reimóndez

A sociedade dividiu o traballo en dous tipos: dunha banda as tarefas que se valoran e da outra as que non segundo as fagan homes ou mulleres respectivamente. Esta división sexual do traballo leva a moitos conflitos na vida das mulleres en particular e para a sociedade en xeral; fai que moitas mulleres vivan realmente unha situación de dependencia económica dos homes no fogar, simplemente porque as tarefas que eles fan se valoran máis e se ven como superiores porque saen traballar fóra da casa para facer cartos. Os traballos tradicionais das mulleres asóciase ás tarefas domésticas e comunitarias: atender as persoas maiores, atender o horto, que ten un papel fundamental para fornecer o alimento para o día a día. Este tipo de traballo non só consome moito tempo das mulleres, senón que é cansado e non reciben un salario. Esta situación fai que ninguén considere este traballo das mulleres algo de valor, mesmo elas mesmas non o consideran traballo. Rose Myrlie Joseph resume moi ben este aspecto da vida das mulleres: as mulleres son responsables dunha serie de tarefas na casa que son difíciles de conciliar, como facer a comida ou atender as crianzas. As mulleres traballan moito durante todo o día dende que se erguen ata que se deitan e ninguén lle dá valor.¹

Este tipo de concepción provén do xeito en que somos socializadas e do xeito en que se artella a sociedade capitalista, que tanto énfase dá ao diñeiro. Por iso non se comprende que o traballo das mulleres é o que alimenta a man de obra que o capitalismo precisa. Imaxinemos durante un instante que non houbese mulleres para coidar das crianzas, que sería delas? Morrerían por falla de coidados porque non serían quen de atenderse, alimentarse, vestirse soas. A sociedade non podería reproducirse. Esta é a razón pola cal os homes agochan a importancia do traballo das mulleres e tentan desvalorizalo decote. Os homes beneficiarse do poder dos cartos familiares para poder exercer violencia económica sobre as mulleres en canto hai o máis mínimo trasacordo.

¹ <https://journals.openedition.org/jda/6756>

A violencia económica quere dicir que os homes teñen control sobre os cartos e recursos que entran na casa e que as mulleres non teñen posibilidade de poder decidir sobre o seu uso. Ademais, poden decidir non dar cartos para os gastos do fogar e de primeira necesidade como facer de comer, pagar a escola das crianzas, ter conta da saúde, etc. Outra cousa que vai da man da violencia económica é o que chamamos chantaxe sexual. A miúdo, o home decide non dar cartos para a mantenza das crianzas, mesmo en caso de separación, se a muller non se deita con el. No noso país de Haití, a violencia sexual e física que se rexistra no fogar baixou dende os 2000, pero hai outros tipos de violencias simbólicas que son invisibles e que non deixan de aumentar, como a violencia económica.² Este tipo de violencia ten grandes consecuencias no desenvolvemento do país porque impide que as mulleres participen en todas as accións de desenvolvemento como deberían; ademais, hai moitas mulleres obrigadas a vivir coas crianzas que abandona o pai sen recibir ningún tipo de pensión alimenticia.³ Pode comprenderse o impacto mental que isto ten sobre as mulleres que non teñen recursos e que teñen que coidar dunha ou máis crianzas nunha sociedade na que non hai infraestrutura nin servizos de apoio que a abeiren. Aínda por riba, esa mesma sociedade vai estar vixiando se é unha boa mai. O impacto psicolóxico é forte, algo que debulla máis polo miúdo Rose Myrlie Joseph no libro *De l'invisibilisation des travailleuses domestiques haïtiennes*.⁴

Se estas mulleres non reciben apoio para saír desta situación, terán máis posibilidades de entrar no que se chama poliandria/maternidade sucesiva ou en serie dado que buscarán outro home para axudalas coas crianzas, ficarán expostas a máis embarazos con moitas posibilidades de acabar na mesma situación. Nun caso así, as posibilidades de que as mulleres saian adiante redúcense e entran nun círculo de xestionar crianzas, tal e como se comenta no estudo de Rose Myrlie Joseph.⁵

Igualmente, hai outro grupo de mulleres que deciden non seguir vivindo así e deciden saír buscar traballo remunerado, mais sen estudos e sen formación profesional as posibilidades son poucas. Sabemos que na zona rural as mozas teñen menos posibilidades de cursar secundaria ou de aprender un oficio ca os mozos. O informe da UNFPA do 2017 ofrece máis detalles ao respecto.⁶ Ademais, as mulleres teñen enormes dificultades á hora de acceder a recursos produtivos: boas leiras para traballar, apeiros, sementes. Deste xeito teñen só dúas escollas: entrar no sector informal ou traballar no sector doméstico. Esta última opción implica dificultades de adaptación e de discriminación. O traballo de sensibilización das organizacións feministas tivo moito impacto na concienciación das mulleres que viven en zonas remotas.

A emigración masiva das mulleres ás cidades ten moitas consecuencias nas súas vidas. Vense obrigadas a integrarse nun novo espazo que ten un funcionamento diferente, esta integración en comparación coa súa vida anterior. Esta integración non é doada e a miúdo resulta cruel.

² <https://www.ht.undp.org/content/haiti/fr/home/ourwork/womenempowerment/successstories/redonner-le-gout-du-travail-aux-femmes-victimes-de-violence.html>

³ <http://www.mediaterre.org/caraibes/actu,20051126194906.html>

⁴ <https://journals.openedition.org/jda/6756>

⁵ <https://haiti.unfpa.org/fr/news/faits-et-chiffres-cl%C3%A9s-sur-la-situation-des-femmes-en-ha%C3%A9ti-novembre-2017>

⁶ <https://journals.openedition.org/jda/6756>

Nese sentido recuperamos as palabras de Rose Myrlie Joseph cando di que as mulleres labregas en mulleres traballadoras no servizo doméstico en Porto Príncipe, este traballo permíte-lles a outras mulleres integrarse no mercado laboral formal ou informal nun espazo que segue sempre masculinizado.⁷

O desprazamento das mulleres ás cidades ten impacto a diferentes niveis. Nese sentido, queremos poñer énfase nos vínculos que existen entre este desprazamento das mulleres e a presenza por todo o país de grupos armados.

Tras moitas reflexións, hai moitas mulleres que deciden deixar o fogar para marchar traballar a casa doutras persoas, realizando os mesmos traballos que fan na casa sen que ninguén os valore, mais agora coa expectativa de recibir un salario a fin de mes que lles permita manterse e manter as súas crianzas.

Cando as mulleres realizan estas tarefas a cambio dun salario, os homes e as familias están orgullosas de anunciar aos catro ventos que as súas mulleres, irmás, fillas... teñen un emprego. Esquecen que era o mesmo traballo que facía a súa muller na casa e ao que non lle daban valor, ante o cal lles dicían que non valían nada.

Non debemos esquecer que nunha sociedade onde existe división do traballo entre homes e mulleres, as mulleres están sobrecargadas coa responsabilidade do fogar, tanto das crianzas como das persoas adultas. Cando as mulleres se desprazan, ninguén asume estas actividades. As mulleres non poden desprazarse sen que exista unha sensibilización e unha aceptabilidade social que obrigue a repensar a cuestión da división sexual do traballo/ A migración masiva e forzosa das mulleres faise sen unha preparación dos homes para asumir esas tarefas nin na lóxica de poñer en cuestión a orde establecida. No momento en que elas marchar as crianzas quedan soas e fican expostas ao maltrato, á explotación física e sexual e á delincuencia xuvenil. Quen reflexiona sobre o tema ten tendencia a vincular a delincuencia xuvenil, que é a primeira fase da delincuencia organizada, a problemas sociais como a prostitución, a violencia nas comunidades e a pobreza⁸. O maior problema neste sentido é que deciden esquecer ou invisibilizar a vínculo entre as violencia sobre as mulleres e en particular a violencia económica que ata o momento segue sendo invisible na nosa sociedade, e o crime organizado que se propaga polo país.

En Haití non temos datos fiables sobre as crianzas que están na rúa, mais os datos de certas enquisas amosan que hai unha maior propensión dos mozos ca das mozas a rematar na rúa⁹. Unha vez que as crianzas carecen de marco de referencia teñen tendencia a deixar o lugar onde viven, ir á cidade e acabar na rúa. Ou ben van unirse a outro grupo despois de seren enviadas a vivir como restavèk, é dicir, crianzas explotadas como man de obra doméstica interna e, debido ao maltrato que reciben, acaban fuxindo desas casas e acaban na rúa. Para Pirot,

⁷ https://www.memoireonline.com/12/12/6650/m_La-problematique-de-la-delinquance-juvenile-en-Haiti-de-1995--20052.html

⁸ https://www.memoireonline.com/12/12/6650/m_La-problematique-de-la-delinquance-juvenile-en-Haiti-de-1995--20052.html

⁹ Harold, BONY, Les enfants de la rue à Port-au-Prince, Liens avec les membres de leurs familles, Thèse doctorat en sociologie, Université Laval, 2016, p.24

citado por Harold Bony, unha crianza na rúa é unha crianza que non ten contacto coa familia, á cal non pode regresar ou á que decide non regresar, de xeito que vive e dorme na rúa. Estas crianzas son o primeiro obxectivo das bandas armadas cando buscan novos membros. Un informe de 2004 de Save the Children e UNICEF constataba que nas bandas armadas o 32% das crianzas que as integran proveñen da rúa e que son elas as que, co tempo, acaban dirixindo as operacións.

A violencia económica exercida contra as mulleres do medio rural que continúa cada día fai que se rebelen contra ela cunha vontade de facerse independentes economicamente a toda custa co fin de cubrir as súas necesidades e as das súas crianzas. Esta decisión, tomada na maioría dos casos sen ningunha planificación agrava a situación xa vulnerable das mulleres. As mulleres vense obrigadas a desprazarse a lugares descoñecidos onde se ven expostas a todo tipo de maltrato e onde a decisión de traballar para manter as crianzas, que á súa vez tamén quedan expostas a todo tipo de infraccións dos seus dereitos, couda que ten consecuencias nefandas nas súas vidas.

Estamos convencidas de que a violencia económica debe ocupar un espazo importante na batalla contra a violencia exercida sobre as mulleres ao mesmo nivel ca a violencia física ou sexual. As organizacións feministas deben loitar máis polas mulleres do medio rural para que teñan acceso á educación e o traballo remunerado, sen esquecer a presión que debe facerse ante o estado para que ofrezca servizos para o acompañamento das familias monomarentais e das mulleres que padecen violencia económica. Os programas de desenvolvemento deben non só sensibilizar as mulleres con respecto á violencia económica, senón tamén ofrecer oportunidades para gañar cartos alá onde viven.

Para chegar a unha sociedade equilibrada, unha sociedade na que todo o mundo poida vivir, debemos rexeitar esta estrutura social, a división do traballo, o proceso de socialización das crianzas, os valores. Cómpre que cadaquén desempeñe o seu papel para conseguir ese cambio.